

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 8 de agosto de 2016, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Administración do Parlamento de Galicia

Logo de negociación na Mesa de Negociación, a Mesa do Parlamento acordou, con datas 14 de abril, 31 e 9 de maio e 27 de xuño de 2016, de conformidade co disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal, convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo vacante.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, e unha vez comprobadas as solicitudes e a documentación presentada polos aspirantes, ao teor do disposto na base 6 da convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos do referido proceso selectivo.

Admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
BLANCO VÁZQUEZ, RITA MARÍA	33255745E
FUENTE RODRÍGUEZ, JOSÉ RAMÓN de la	33273499C

Excluídos: ningún

2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela 8 de agosto de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 8 de agosto de 2016, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Administración do Parlamento de Galicia adscrito ao corpo auxiliar

Logo de negociación na Mesa de Negociación, a Mesa do Parlamento acordou, con datas 14 de abril, 31 e 9 de maio e 27 de xuño de 2016, de conformidade co disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal, convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo vacante.